



**salma**  
FUNDACIÓN

Fundación para o coidado da Saúde Mental en Galicia

**resiliencia en galicia**

segundo a OMS, para o ano **2030**

---

**as enfermidades mentais**  
serán a **primeira causa de discapacidade**

---

afectando a **1 de cada 4 persoas**

---

# fundación SALMA

## Fundación para o coidado da Saúde Mental en Galicia


---

*Salma é unha fundación sen ánimo de lucro, adicada a mellorar as condicións das persoas con problemas de saúde mental, dos seus familiares e persoas coidadoras.*

*Unha boa saúde mental é un dereito, e un factor necesario para o desenvolvemento persoal. Por iso queremos dotar a Galicia dun modelo de xestión integral e multidisciplinar para a saúde mental en materia de atención sanitaria e asistencia social. Un sistema que poña no centro ás persoas que conviven con estes problemas. O punto de partida debe situarse nos centros saúde de Atención Primaria. Debe contar co respaldo legal e coa asignación de recursos precisa para que os coidados poidan levarse a cabo de forma eficaz e continuada.*



Unha mellor saúde mental reforza a nosa **RESILIENCIA**, como individuos e como sociedade, para facer fronte ás situacións de crise, coa garantía de que temos ferramentas emocionais para superalas en conxunto e darnos apoio mutuo.

A light blue silhouette of the region of Galicia in Spain, with text centered inside it.

as maiores taxas  
de suicidio de  
España  
prodúcense en  
**GALICIA.**

España atópase á cola en canto ao  
**número de camas** para coidados psiquiátricos,  
con **case a metade da media europea.**

○ ratio de **psicólogos na sanidade pública** española  
é **tres veces menor que a media europea**

Galicia é **a terceira** comunidade autónoma  
co **número máis baixo de profesionais**  
adicados á área de psiquiatría.

## o noso obxectivo

Queremos **impulsar reformas estruturais** encamiñadas á mellora da calidade de vida e as oportunidades para as persoas con problemas de saúde mental, así como das persoas encargadas dos seus cuidados.

Para iso centrámonos en **tres liñas de actuación**:

- 1) A consolidación dun marco legal en materia de saúde mental.
- 2) O desenvolvemento da xestión asistencial cara un modelo integral.
- 3) O reforzo da resiliencia social.



# Lei SALMA

## Un marco legal que garanta o bo funcionamento do sistema asistencial

Creemos que as iniciativas e os programas de saúde mental requiren dun **respaldo legal** para non quedaren no plano teórico e das boas intencións. Dende SALMA queremos impulsar unha **Lei galega de Saúde Mental**, que garanta o cumprimento dos dereitos e que organice a asignación de medios e recursos á asistencia sanitaria e as prestacións sociais para as persoas con problemas de saúde mental.

SALMA

# Complexo Socioterapéutico

## Unha alternativa habitacional-asistencial

Queremos fomentar a implantación dun modelo habitacional innovador para persoas con enfermidades mentais, que dote aos seus residentes dun entorno hogareño e estable, con actividades ocupacionais para fomentar a súa autonomía e benestar, e con asistencia permanente de persoal cualificado. Isto facilita o desenvolvemento de perspectivas de futuro e permite practicar, con acompañamento, unha normalidade sociocultural.

DORMITORIOS INDIVIDUALES

10x

equipados con baño accesible,  
armario y mesado.

HUERTO/JARDIN  
al aire libre, cultivable

almacenaje  
& lavandería

19m<sup>2</sup>

DORMITORIOS DOBLES  
con armario y mesado  
comparten baño accesible.

SALMA





# Investigación e cooperación

## **Un entorno social máis resiliente ante os problemas de saúde mental**

*A resposta colectiva ante as situacións de crise, persoais ou xerais, é fundamental para a súa superación, por iso queremos impulsar mecanismos de colaboración colectiva que sirvan para prestar apoio mutuo entre persoas e familias que deban afrontar un problema de saúde mental. Polo tanto buscamos concienciar sobre cómo os problemas de saúde mental afectan a toda a poboación de maneira directa ou indirecta, promover a investigación e o desenvolvemento de tecnoloxías dos coidados ao servizo da sociedade.*

**SALMA**



**Mail**

[fundacionsalmagalicia@gmail.com](mailto:fundacionsalmagalicia@gmail.com)

**Web**

[www.fundacionsalma.org](http://www.fundacionsalma.org)

**Teléfono**

623 005 377